

## ANÁLISE DA INCORPORACIÓN DO TÓPICO BIODIVERSIDADE NO CURRÍCULO NO BACHARELATO EN GALICIA

**MONTERO VILAR, SANTIAGO**

*IES Ponte Caldelas*

**GARCÍA-RODEJA, ISABEL**

*Departamento de Didácticas Aplicadas. Área de  
Didáctica das Ciencias Experimentais, USC*

### INTRODUCCIÓN

Nesta comunicación descríbese como se incorpora o tópico da biodiversidade a través dos tres últimos currículos no bacharelato en Galicia. Faise un especial fincapé na materias pertencentes o seminario de bioloxía e xeoloxía no decreto curricular vixente 86/2015.

### O MARCO TEÓRICO

A perda de biodiversidade converteuse nun problema de interese mundial en gran medida grazas ao convenio sobre a diversidade biolóxica (CDB) de 1992. Porén moitos autores consideran o pai do termo biodiversidade a Wilson xa que foi o editor principal da memoria do Foro Nacional de Biodiversidade en 1988. Na literatura sobre didáctica das ciencias, existen múltiples referencias sobre a importancia de incluír os problemas socio-científicos nos currículos de ciencias xa que son un marco adecuado para a consecución da alfabetización científica. A conservación e perda de biodiversidade pódense encadrar perfectamente dentro destas cuestións socio-científicas debido a que a perda de biodiversidade depende tanto de procesos biolóxicos como socioculturais (van Weelie & Wals, 2002).

### METODOLOXÍA

Para analizar a presenza da biodiversidade nos diferentes currículos utilizáronse tres documentos equiparables, concretamente os currículos oficiais correspondentes á comunidade autónoma de Galicia no bacharelato: decreto 231/2002 (DOG 15 de xullo 2002), decreto 126/2008 (DOG 23 de xuño de 2008), e o decreto 86/2015 (DOG 29 de xuño de 2015). A análise inicial fíxose buscando a palabra diversidade e biodiversidade nos currículos. Aínda que a nosa investigación é referida ao termo biodiversidade consideramos interesante incluír o termo diversidade xa que hai autores que sinalan que a diversidade cultural é unha variante máis da biodiversidade. No último decreto descartouse a parte do documento referido á educación secundaria obrigatoria para que así os documentos fosen comparables. Asemade analizouse en maior profundidade as materias pertencentes ao seminario de bioloxía e xeoloxía no currículo actual facendo fincapé non unicamente en se se aborda ou non a diversidade, senón tamén en como se aborda a diversidade nun sentido máis amplo.

### RESULTADOS

O tópico da biodiversidade nas últimas décadas é un tema ao que se lle dá cada vez máis importancia e é o tópico a través do que se vertebra a bioloxía moderna. Isto estase a trasladar aos currículos e aos libros de textos. Na táboa 1 pode verse como a presenza do termo biodiversidade foise incrementando nos distintos decretos.

Táboa 1. Frecuencia absoluta de aparición do termo diversidade e biodiversidade nos tres últimos decretos que regularon no século XXI o currículo do bacharelato en Galicia.

	biodiversidade	diversidade
Decreto 233/2002	2	22
Decreto 126/2008	11	50
Decreto 86/2015	42	67

No último decreto do 2015, o termo biodiversidade incrementouse considerablemente. Isto foi debido en gran medida a que na materia de bioloxía e xeoloxía de 1º de bacharelato o bloque 4 denomínase “biodiversidade”, sendo isto un claro exemplo da importancia que este tópic alcanzou nos últimos tempos á hora de vertebrar a bioloxía. Neste bloque destaca que se aborda a diversidade a nivel específico, a nivel taxonómico e a nivel ecosistémico pero non se atende ás dimensións xenética e, por suposto, cultural nas que non se inclúe a diversidade humana. Na materia de bioloxía de 2º de bacharelato só se fala da biodiversidade de xeito específico no bloque 3 para referirse aos factores da evolución que aumentan a biodiversidade e inflúen na especia-ción. Mentres que en Ciencias da Terra e do Medio Ambiente aparece no bloque de circulación da enerxía na biosfera tanto a nivel de concepto como de causas e repercusións. Na materia de xeoloxía non aparece.

## IMPLICACIÓNS

A dimensión cultural queda fóra das materias propias do seminario de bioloxía e xeoloxía, nin sequera para referirse a unha causa das diferenzas entre a nosa especie. Tamén a dimensión da diversidade xenética se resente nos decretos, centrándose principalmente na diversidade específica e de ecosistemas. Algúns autores sinalan a necesidade de abordar a ensinanza da biodiversidade dende contextos reais e locais próximos aos estudantes (Van Weelie y Wals, 2002). Asemade estes autores avogan por un ensino baseado en contextos reais do mesmo xeito que Baumgartner e Zabin (2008). Doutra banda, Grace e Ratcliffe (2002), sinalan a importancia de integrar os conceptos biolóxicos cos valores na educación para a conservación biolóxica. Queda por analizar ata que punto estes aspectos se están a traballar nos libros de texto e nas aulas de ciencias.

## REFERENCIAS

- Baumgartner, E., & Zabin, C. J. (2008). A case study of project-based instruction in the ninth grade: A semester-long study of intertidal biodiversity. *Environmental Education Research*, 14(2), 97-114.
- Grace, M. M., & Ratcliffe, M. (2002). The science and values that young people draw upon to make decisions about biological conservation issues. *International Journal of Science Education*, 24(11), 1157-1169.
- Van Weelie, D., & Wals, A. (2002). Making biodiversity meaningful through environmental education. *International Journal of science education*, 24(11), 1143-1156.

## AGRADECIMIENTOS

- Al proxecto EDU2015-66643-C2-2-P financiado por el Ministerio de Economía y Competiti-vidad.